MESA DE CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE PARA A ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NO CONCELLO DE RIBEIRA PARA AS TEMPADAS DE VERÁN 2023, 2024, 2025 E 2026. CONSTITUCIÓN DA MESA E APERTURA DE OFERTAS.

(Acta 1.- Constitución da Mesa, apertura e cualificación das ofertas presentadas)

Na Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10.00 horas do día 29 de xuño de 2023, reúnese en acto público a Mesa prevista no procedemento de adxudicación dos servizos de tempada en Dominio Público Marítimo-Terrestre (D.P.M.T.) para as tempadas de verán 2023, 2024, 2025 e 2026, baixo a presidencia do Alcalde en funcións do Concello de Ribeira, Manuel Ruiz Rivas; coa asistencia en calidade de vogais do interventor do Concello, Pablo Bao Castro, da Técnica de Administración Xeral de Contratación, María Teresa Cid Poza, e do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga; e coa asistencia en calidade de Secretario da Mesa, do Secretario Xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle. Constitúese a Mesa para:

*- Cualificar as ofertas presentadas no procedemento de adxudicación das instalacións de tempada con concorrencia competitiva para as tempadas de verán 2023, 2024, 2025 e 2026.*

*- Dar conta das solicitudes presentadas no procedemento de adxudicación dos servizos de tempada de natureza non competitiva para as tempadas de verán 2023, 2024, 2025 e 2026.*

Mediante Decreto de data 23 de maio de 2023, resolveuse o seguinte: *"(...) PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por decreto de data 17/06/2019 para ditar o presente decreto.*

*SEGUNDO.- Aprobar o expediente para a adxudicación dos servizos de tempada no Concello de Ribeira para as tempadas de verán 2023, 2024, 2025 e 2026, redactado polo Técnico de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, na data 18/05/2023.*

*TERCEIRO.- Aprobar as "Bases para a adxudicación dos servizos de tempada no Concello de Ribeira para as tempadas de verán 2023, 2024, 2025 e 2026", redactadas polo Técnico de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, na data 18/05/2023.*

*CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación polo procedemento sinalado nas bases con un único criterio de adxudicación (prezo máis vantaxoso).*

*QUINTO.- Conforme establece a base 7ª das "Bases para a adxudicación dos servizos de tempada no Concello de Ribeira para as tempadas de verán 2023, 2024, 2025 e 2026", a licitación anunciarase cunha publicación no DOG e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ribeira.*

*SEXTO.- Nas bases 8ª, 10ª e 11ª das "Bases para a adxudicación dos servizos de tempada no Concello de Ribeira para as tempadas de verán 2023, 2024, 2025 e 2026" establécese o procedemento de presentación da documentación e proposicións por parte dos licitadores. (...)"*

O anuncio de información do procedemento foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 101, de data 30 de maio de 2023, abríndose un prazo de quince (15) días naturais para a presentación das solicitudes.

A cláusula 9ª das Bases establece, con respecto á apertura de ofertas e adxudicación das instalacións de tempada con concorrencia competitiva, o seguinte: *"Rematado o prazo de presentación de ofertas, por resolución de Alcaldía convocarase o acto de apertura de proposicións que terá lugar no Concello de Ribeira a partir do terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de ofertas. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e da Sede Electrónica un aviso coa data e hora do*



CSV: 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONES - 03/07/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/07/2023
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 04/07/2023
MARIA TERESA CID POZA-TECNICA ADMINISTRACION GENERAL - 04/07/2023
IGNACIO LUIS FERNANDEZ VEIGA-TÉCNICO MEDIO AMBIENTE - 04/07/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/07/2023 12:55:24

EXPEDIENTE :: 2023PATR000013
Fecha: 18/05/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

*acto. O acto de apertura será ante unha Mesa constituída ao efecto (...)*
*A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que deban terse en conta, valorará as distintas proposicións presentadas e as clasificará, de maior a menor canon ofertado. (...)"*

No mesmo procedemento tamén se prevén adxudicar servizos de tempada de natureza non competitiva: terrazas de establecementos situados fóra do D.P.M.T. e servizos de formación e ensinanza de surf, bodyboard, longboard, e pádel surf.

Na cláusula 2ª das Bases relaciónanse as instalacións de tempada que se prevén autorizar para as tempadas 2023 a 2026, especificando o período previsto de uso por tempada, e a superficie de ocupación ou unidades. As localizacións das diferentes instalacións defínense de forma gráfica no anexo I.

Esta é a relación de servizos de tempada que se prevén autorizar para as tempadas 2023 a 2026, e as praias nas que se poderán prestar eses servizos:

| INSTALACIÓNS DE TEMPADA CON CONCORRENCIA | |
|---|---|
| LOCALIZACIÓN | TIPOLOXÍA |
| Praia de O Touro (caseta SOS) | Quiosco con mesas e cadeiras |
| Praia de Area Secada | Quiosco con mesas e cadeiras |
| Praia do Castro | Quiosco con mesas e cadeiras |
| Praia de Coroso (zona centro) | Hidropedais |
| Praia de Coroso (zona camping) | Tumbonas |

| INSTALACIÓNS DE TEMPADA SEN CONCORRENCIA | |
|---|---|
| LOCALIZACIÓN | TIPOLOXÍA |
| Praia da Corna | Terraza de establecemento situado fóra do D.P.M.T. |
| Praia de Castiñeiras (1) | Terraza de establecemento situado fóra do D.P.M.T. |
| Praia de Castiñeiras (2) | Terraza de establecemento situado fóra do D.P.M.T. |
| Corrubedo rúa do Porto | Terraza de establecemento situado fóra do D.P.M.T. |

| SERVIZOS DE FORMACIÓN E ENSINANZA | |
|---|---|
| LOCALIZACIÓN | TIPOLOXÍA |
| Ordenación e xestión conxunta dos seguintes areais do municipio: A Ladeira, O Vilar, Balieiros, Espiñeirido (tramo Ribeira) e Coroso. | Servizos de formación e ensinanza de surf, bodyboard, longboard, e pádel surf. |

Á vista da consulta efectuada no Rexistro de Documentos de Entrada e da documentación obrante na Oficina de Medio Ambiente, conclúese que entre as datas do 31 de maio de 2023 e do 14 de xuño de 2023 presentaron solicitudes para participar na licitación obxecto deste expediente as seguintes persoas físicas ou empresas:

CSV: 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONES - 03/07/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/07/2023
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 04/07/2023
MARIA TERESA CID POZA-TECNICA ADMINISTRACION GENERAL - 04/07/2023
IGNACIO LUIS FERNANDEZ VEIGA-TÉCNICO MEDIO AMBIENTE - 04/07/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/07/2023 12:55:24

EXPEDIENTE :: 2023PATR000013
Fecha: 18/05/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

| INSTALACIÓNS DE TEMPADA CON CONCORRENCIA | |
|---|---|
| SOLICITUDE PRESENTADA POR: | REXISTRO DE ENTRADA: |
| José Carlos Otero Mosconi (**9678***) | Núm. 13.849, de data 07/06/2023 |
| Juan Antonio Miniño Millán (**9301***) | Núm. 14.160, de data 09/06/2023 |
| Daniel Miniño Millán (**9358***) | Núm. 14.254, de data 12/06/2023 |
| Daniel Miniño Millán (**9358***) | Núm. 14.494, de data 13/06/2023 |
| José David Tomé Baamonde (**4807***) | Núm. 14.495, de data 13/06/2023 |
| Juan Antonio Miniño Millán (**9301***) | Núm. 14.541, de data 13/06/2023 |
| Ángela Otero Muñiz (**9317***) | Núm. 14.544, de data 13/06/2023 |
| José Ángel Rodríguez Álvarez (**9364***) | Núm. 14.547, de data 13/06/2023 |
| Samuel López Iglesias (**3022***) | Núm. 14.550, de data 13/06/2023 |
| Juan Antonio Miniño Millán (**9301***) | Núm. 14.685, de data 14/06/2023 |

| INSTALACIÓNS DE TEMPADA SEN CONCORRENCIA | |
|---|---|
| SOLICITUDE PRESENTADA POR: | REX. ENTRADA: |
| Juan Carlos Martínez Casais (**9316***) | Núm. 13.554, de data 05/06/2023 |
| Laura Gómez Lijó (**8722***) en representación de Ferpo Ribeira S.L. (**5439***) | Núm. 13.901, de data 07/06/2023 |

| SERVIZOS DE FORMACIÓN E ENSINANZA | |
|---|---|
| SOLICITUDE PRESENTADA POR: | REX. ENTRADA: |
| Alexander Sebastián Fernández (**0764***) en representación de Corrubedo Surfing Club (**0476***) | Núm. 13.271, de data 31/05/2023 |
| Sara Martínez Quintano (**4850***) en representación de Geckos S.C. (**0454***) | Núm. 14.455, de data 12/06/2023 |



O Secretario da Mesa procedeu á apertura pública dos sobres coa documentación achegada e deu conta das proposicións formuladas.

No exame da documentación achegada detectáronse algunhas carencias documentais, que deben emendarse.

Atendendo ao exposto, a Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

- Requirir aos ofertantes/solicitantes para que, dentro do prazo de tres (3) días, contados dende o seguinte á notificación de emenda, acheguen a documentación requirida, de conformidade co previsto nas Bases que rexen o procedemento.

Relación de ofertantes e carencias detectadas:

| INSTALACIÓNS DE TEMPADA CON CONCORRENCIA | | |
|---|---|---|
| OFERTANTE: | REX. ENTRADA: | CARENCIAS: |
| Solicitude presentada por José Carlos Otero Mosconi (**9678***) en nome propio | Núm. 13.849, de data 07/06/2023 | - Certificado vixente de atoparse o solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |
| Solicitude presentada por Juan Antonio Miniño Millán (**9301***) en nome propio | Núm. 14.160, de data 09/06/2023 | - Certificado vixente de atoparse o solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |
| Solicitude presentada por Daniel Miniño Millán (**9358***) en nome propio | Núm. 14.254, de data 12/06/2023 | DOCUMENTACIÓN COMPLETA. |

CSV: 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONES - 03/07/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/07/2023
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 04/07/2023
MARIA TERESA CID POZA-TECNICA ADMINISTRACION GENERAL - 04/07/2023
IGNACIO LUIS FERNANDEZ VEIGA-TÉCNICO MEDIO AMBIENTE - 04/07/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/07/2023 12:55:24

EXPEDIENTE :: 2023PATR000013
Fecha: 18/05/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

| | | |
|---|---|---|
| Solicitude presentada por Daniel Miniño Millán (**9358***) en nome de Mª Digna Millán Pérez (**1542***) | Núm. 14.494, de data 13/06/2023 | - Acreditación da condición de representante voluntario ou legal en caso de actuar en nome doutra persoa física ou xurídica.<br>- Certificado vixente de atoparse o solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: AEAT e ATRIGA. |
| Solicitude presentada por José David Tomé Baamonde (**4807***) en nome propio | Núm. 14.495, de data 13/06/2023 | - Certificado vixente de atoparse o solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |
| Solicitude presentada por Juan Antonio Miniño Millán (**9301***) en nome de Luis Cacharrón Vidal (**2234***) | Núm. 14.541, de data 13/06/2023 | - Acreditación da condición de representante voluntario ou legal en caso de actuar en nome doutra persoa física ou xurídica.<br>- Certificado vixente de atoparse o solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |
| Solicitude presentada por Ángela Otero Muñiz (**9317***) en nome propio | Núm. 14.544, de data 13/06/2023 | - Certificado vixente de atoparse a solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |
| Solicitude presentada por José Ángel Rodríguez Álvarez (**9364***) en nome propio | Núm. 14.547, de data 13/06/2023 | - Certificado vixente de atoparse a solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |
| Solicitude presentada por Samuel López Iglesias (**3022***) en nome propio | Núm. 14.550, de data 13/06/2023 | - Proposta da zona que se pretende ocupar, distinguindo a superficie ocupada, tanto de superficie pechada como a de mesas e cadeiras no exterior e a situación respecto ao deslinde do D.P.M.T.<br>- Fotografía, infografía ou catálogo, no seu caso, das características dos quioscos, mesas, cadeiras, mamparas, toldos, tumbonas, hidropedais... que se pretendan utilizar.<br>- Fotografías do entorno.<br>- Esbozo e fotografía da instalación e servizos de abastecemento, electricidade e saneamento (de ser o caso).<br>- Certificado vixente de atoparse o solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias (ATRIGA) e coa Seguridade Social. |
| Solicitude presentada por Juan Antonio Miniño Millán (**9301***) en nome de Daniel Crujeiras Parada (**4836***) | Núm. 14.685, de data 14/06/2023 | - Acreditación da condición de representante voluntario ou legal en caso de actuar en nome doutra persoa física ou xurídica.<br>- Certificado vixente de atoparse o solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social. |

CSV: 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONES - 03/07/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/07/2023
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 04/07/2023
MARIA TERESA CID POZA-TECNICA ADMINISTRACION GENERAL - 04/07/2023
IGNACIO LUIS FERNANDEZ VEIGA-TÉCNICO MEDIO AMBIENTE - 04/07/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/07/2023 12:55:24

EXPEDIENTE :: 2023PATR000013
Fecha: 18/05/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Concello de Ribeira

| INSTALACIÓNS DE TEMPADA SEN CONCORRENCIA | | |
|---|---|---|
| SOLICITANTE: | REX. ENTRADA: | CARENCIAS: |
| Solicitude presentada por Juan Carlos Martínez Casais (**9316***) en nome propio | Núm. 13.554, de data 05/06/2023 | - Certificado vixente de atoparse a solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |
| Solicitude presentada por Laura Gómez Lijó (**8722***) en representación de Ferpo Ribeira S.L. (**5439***) | Núm. 13.901, de data 07/06/2023 | DOCUMENTACIÓN COMPLETA. |

| SERVIZOS DE FORMACIÓN E ENSINANZA | | |
|---|---|---|
| SOLICITANTE: | REX. ENTRADA: | CARENCIAS: |
| Solicitude presentada por Alexander Sebastián Fernández (**0764***) en representación de Corrubedo Surfing Club (**0476***) | Núm. 13.271, de data 31/05/2023 | - Certificado vixente de atoparse a solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |
| Solicitude presentada por Sara Martínez Quintano (**4850***) en representación de Geckos S.C. (**0454***) | Núm. 14.455, de data 12/06/2023 | - Certificado vixente de atoparse a solicitante ao corrente das súas obrigas tributarias: ATRIGA. |

*Levantándose esta reunión pola Presidencia, e estendéndose a presente acta, que asinan os asistentes, e do que, como Secretario da Mesa, dou fe.*



| *Alcalde:* | *Secretario da Mesa:* |
|---|---|
| O Alcalde en funcións, | O Secretario Xeral, |
| Manuel Ruiz Rivas | Juan Manuel Salguero del Valle |

*Vogais:*

| O Interventor, | A Técnica de Contratación, | O Técnico de Medio Ambiente, |
|---|---|---|
| Pablo Bao Castro | Mª Teresa Cid Poza | Ignacio L. Fernández Veiga |

CSV: 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001132C200Y4R9M9M9I8W0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONES - 03/07/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/07/2023
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 04/07/2023
MARIA TERESA CID POZA-TECNICA ADMINISTRACION GENERAL - 04/07/2023
IGNACIO LUIS FERNANDEZ VEIGA-TÉCNICO MEDIO AMBIENTE - 04/07/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/07/2023 12:55:24

EXPEDIENTE :: 2023PATR000013
Fecha: 18/05/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL